ARTE MEDIEVAL
Románico e gótico







INTRODUCIÓN

Aquelo que chamamos **arte medieval** consiste no estudo de **edificios, esculturas e pinturas** creados durante a época medieval

As obras que se crean nunha determinada época están **influenciadas pola mentalidade da sociedade e a capacidade técnica das persoas** que viven nese momento, polo que o resultado é diferente dunhas épocas a outras.

Esas diferencias nas maneiras de construír edificios ou de facer esculturas e realizar pinturas fai que en historia da arte se estuden os chamados "**estilos artísticos".**

ESTILOS ARTÍSTICOS DA IDADE MEDIA

Á época medieval correspóndenlle **dous estilos principais**:

- O románico.

- O gótico

Ademais habería que ter en conta a existencia doutros estilos como foron:

- o ***prerrománico***: fai referencia a aquelas obras anteriores ao románico (incluiría estilos como a arte visigoda, a arte asturiana, arte carolinxia...)
- o "***protogótico"*** (refírese a aquelas obras que se sitúan a cabalo entre o románico e o gótico e que toman características de ambos estilos)
- para o caso da **península ibérica**, a existencia de estilos influenciados pola arte musulmana, como foron:
  - ***arte mozárabe.***
  - ***arte mudexar***.

O ROMÁNICO

O románico foi o primeiro dos grandes estilos artísticos da Idade Media. As obras feitas baixo este estilo **desenvólvense aproximadamente no século XI e XII**, coincidindo co desenvolvemento do feudalismo: así pois, o románico é un **estilo asociado ao mundo rural** propio desa época.

A diferencia doutros estilos mais locais que se desenvolveran anteriormente, as características do Románico son comúns a case toda Europa, polo que é considerado o **primeiro estilo medieval internacional.** A súa ampla difusión por Europa explícase por distintas razóns, entre as que destacan:

- As **peregrinacións ás cidades santas**, que servían de intercambio de ideas.
- A **existencia de cuadrillas de albaneis e escultores** que se desprazaban para participar na construción e decoración das igrexas.
- A **expansión dos monxes beneditinos** que construían os mosteiros baixo este estilo.

O GÓTICO

O gótico foi o segundo dos grandes estilos artísticos da Idade Media. As obras feitas baixo este estilo **desenvólvense aproximadamente dende mediados do século XII ata o século XV**, coincidindo coa etapa da Plena Idade Media. Este estilo está asociado ao mundo urbano, e os gustos da burguesía condicionan unha nova maneira de facer.

O estilo, identificado principalmente cos cambio na arquitectura, naceu en Francia, dende donde se estendeu polo resto do continente, aínda que con variedades rexionais.


ARQUITECTURA ROMÁNICA

En canto á **tipoloxía de edificios románicos** podemos distinguir entre dous tipos: - Edificios **relixiosos**, entre os que atopamos ***catedrais, mosteiros e igrexas***. - Edificios **civís,** como os ***castelos ou as murallas*** dos primeiros burgos	Pola maneira en que están construídos, a sensación que dan é a de ser **edificios robustos, de aspecto compacto**

Á hora de estudar as características deste estilo tomamos como referencia a maneira que tiña de construír as igrexas ou catedrais.

COMO É A SÚA PLANTA?

Existen unha grande variedade de plantas, centralizada, basilical (rectangular) pero cando se trata de igrexas ou catedrais importantes, a planta mais habitual é a **planta de cruz latina.**



A planta de cruz latina está composta por **dous brazos que se cruzan**: esta forma recorda a cruz onde morreu Xesús, polo que ten un gran simbolismo relixioso.

PARTES DUNHA PLANTA...

Ábsida: *é a cabeceira do templo. Haberá tantos ábsidas como naves, sendo o ábsida central o mais importante. Nos edificios románicos presenta por norma xeral, unha forma semicircular.*

Naves: *son os corredores que conforman a igrexa. En caso de haber mais dunha nave, a central é mais alta que as laterais.*

Transepto: *é a nave que corte de maneira perpendicular á nave central.*

Cruceiro: *é o espazo central, no cal se cruzan a nave central e o transepto. No interior soe ter forma de cúpula.*

Torres campanario: *son as torres exteriores que servían como torre de vixía ou para sinalar a existencia do edificio.*

Xirola ou deambulatorio: *corredor que rodea ao ábsida como prolongación das naves laterais, dando acceso ás capelas. Habitual nas igrexas de peregrinación.*

CALES SON OS MATERIAIS EMPREGADOS?

O material de construción mais frecuente foi a **pedra**, aínda que tamén podemos atopar edificios feitos noutros materiais: ladrillo nos reinos cristiáns, mármore en igrexas italianas...

En moitas deses edificios, a pedra pode aparecer de dúas maneiras:

- cortados de forma regular, o que se coñece como **sillares**
- cortados de forma irregular, o que se coñece como **mampostería.**



PEDRA EN SILLARES REGULARES




PEDRA EN MAMPOSTERÍA

CARACTERÍSTICAS DAS IGREXAS ROMÁNICAS

1) **Muros moi grosos**, necesarios para poder soportar as pesadas cubertas de pedra.
2) **Contrafortes adosados** ao muro no exterior, que teñen como misión reforzar os muros
3) **Poucas ventás, moi pequenas e abocinadas** no seu interior é dicir, ábrense en ángulo para axudar a que se expanda a luz.
4) Se as igrexas teñen mais dunha nave, temos **columnas e piares que separan a nave central das laterais** e que tamén axudan a soportar o peso das cubertas.
5) **Arcos de medio punto.** Trátase dun arco semicircular que se emprega para as portas, ventás ou entre columnas. (As pezas que formann o arco chámase ***dovela***, pero de entre todas elas a principal é a ***clave***, peza situada no centro do arco dende onde fai presión cara os laterais)
6) O teito cóbrese cunha **bóveda de canón** ou **bóveda de medio punto**. Trátase dunha cuberta feita a partir da unión de arcos de medio punto. (En moitas igrexas o teito está feito en madeira. Sen embargo, as veces producíanse incendios, polo que os arquitectos optaron por este sistema de construción en pedra; **o seu inconvinte foi que son moi pesadas**, polo que se fixo necesario reforzar os muros. A bóveda de canón faise por tramos, e cada pouco aparece reforzada por o chamado **arco faxón;** a súa función é trasladar o peso ás columnas.
7) O cruceiro ou a ábsida cóbrense con **cúpulas**.




EXEMPLO GROSOR DOS MUROS






VENTÁS ABOCINADAS NO INTERIOR


PAREDE LATERAL CON CONTRAFORTES E VENTÁS PEQUENAS




VISTA DA SECCIÓN DUN EDIFICIO. PODE VERSE COMO O PESO DA CUBERTA SE TRASLADA CARA ABAIXO ATA CHEGAR AOS CONTRAFORTES



PIARES SEPARANDO NAVES




ARCO DE MEDIO PUNTO






BÓVEDA DE CANÓN



CIMBRA: ESTRUTURA PARA CONSTRUÍR O ARCO




DEMOSTRACIÓN DE COMO A CLAVE EMPUXA PARA QUE O PESO SE DESPRAZA CARA OS LATERIAIS

CAL É O ASPECTO DO EDIFICIO?	
No seu exterior, os edificios románicos parecen edificios macizos e moi sólidos, que destacan pola súa horizontalidade (pouca altura). En moitos casos transmiten unha sensación de seguridade fronte á violencia da época.	**No seu interior,** os edificios románicos son edificios escuros e pouco iluminados; esto era resultado das poucas ventás que se abrían nos muros. Lonxe de ser un problema favorecía a espiritualidade e o recollemento persoal dos crentes






O ALZADO EXTERIOR E INTERIOR



Presenta unicamente dous pisos antes da bóveda: o piso inferior onde se sitúan as naves e o piso superior ou tribuna.



ARQUITECTURA GÓTICA


Igual que na época do románico, distinguimos dous tipos de edificios según a súa función:

- Edificios relixiosos: destacan sobre todo as novas **catedrais urbanas**.
- Edificios de tipo civil: aparecen novos modelos de edificios que respondan ás necesidades da vida urbana. Algúns destes son os **concellos** (goberno do burgo), os **palacios urbanos** (residencia dos burgueses mais ricos), **lonxas** (sedes do comercio)...

Á hora de estudar as características deste estilo tomamos como referencia a maneira que tiña de construír as igrexas ou catedrais.


COMO É A SÚA PLANTA?

As catedrais góticas manteñen a planta de cruz latina, pero presenta certa diferencia respecto da época do románico. No gótico o brazo do transepto mais curto, prolongándose coa cabeceira



PLANTA DE CRUZ LATINA (ROMÁNICO)

TRANSEPTO CURTO, UNIDO COA ÁBSIDA



PLANTA DE CRUZ LATINA (GÓTICO)

CARACTERÍSTICAS DO GÓTICO.

Durante o gótico apareceron **novas solucións técnicas** para levantar os edificios:

1) O **emprego dun arco apuntado**, que exerce un menor peso e permite elevar a altura dos edificios.
2) O **emprego de bóvedas de crucería** (ou oxivais), que son moito menos pesadas que as bóvedas do románico (Este tipo de bóveda **fórmase mediante o cruzamento de dous arcos apuntados, chamados nervios**. O espazo que queda entre os arcos enchese de pezas de pouco grosor e pouco peso)

Gracias ao menor peso que exercen as cubertas, os elementos sustentantes tamén sofren modificacións:


3) Os muros vólvense mais lixeiros e ábrense grandes ventanais, coñecidos como nome de **vidreiras,** que crean luces de cores no interior.
4) **No exterior aparecen os arbotantes**. uns arcos aéreos que trasladan o peso da bóveda aos contrafortes.
5) Na parte superior os contrafortes teñen uns **elementos piramidais chamados pináculos,** que aumentan a sensación de altura do edificio.





ARCO APUNTADO
BÓVEDA DE CRUCERÍA



MUROS LIXEIROS E GRANDES VENTANAIS







PINACÚLOS

ARBOTANTES




CAL É O ASPECTO DO EDIFICIO?	
No seu exterior, os edificios góticos son edificios mais grandes, altos e esveltos, nos que predominan a verticalidade. A elo axudan a abundancia de elementos como os pináculos ou a frecha que se sitúa sobre o cruceiro.	**No seu interior,** son edificios moi luminosos gracias aos grandes ventanais cubertos de vidrieras. As cores destas dotan ao interior do edificio dunha luz colorida que pretende reflexar o paraíso celestial.






O ALZADO EXTERIOR GÓTICO





Componse de **tres pisos antes da bóveda**: o piso inferior a nivel de chan, o piso intermedio onde atopamos a tribuna, e **un terceiro piso composto de grandes ventanais (o claristorio**)



A IMPORTANCIA DA PORTADA!!

Un dos elementos mais destacados das igrexas é **a portada**. Este termo fai referencia ao **conxunto de elementos que conforman a porta de entrada e a súa decoración**.





ELEMENTOS DA PORTADA		
Tímpano	Espazo semicircular situado enriba da porta. Acostuma acoller a decoración principal.	
Dintel	Elemento horizontal na parte superior da porta	
Arquivoltas	Conxunto de arcos que rodean o tímpano	
Xambas	Columnas laterais que sosteñen as arquivoltas	
Parteluz	Elemento vertical que divide a abertura nas portas mais anchas	

O esquema clásico anterior é o típico das portadas de iglesias románicas.

Por norma xeral, as portadas góticas manteñen o mesmo esquema construtivo que as portadas románicas. Sen embargo podemos destacar **dúas diferencias**:

- O emprego do **rosetón**, un gran ventanal redondo situado enriba da porta central.
- O emprego do **gablete** (estrutura apuntada que enmarca o arco)





ESCULTURA ROMÁNICA

A escultura, xunto coa pintura, forman parte das **artes figurativas**. É por iso que ambas disciplinas **van coincidir en numerosos aspectos como a súa función, os temas ou as características formais**; loxicamente, os soportes e as técnicas empregadas serán diferentes entre unha e outra.

CAL É A FUNCIÓN DA ESCULTURA?

A escultura románica teñen unha **tripla función:** decorativa, didáctica, moralizante. Isto quere dicir, que o seu ademais de decorar, o **seu obxectivo era ensinar aos crentes os pasaxes mais famosos da Biblia e dirixir o seu comportamento cara os intereses da Igrexa**, indicando o ben e o mal, e as posibles consecuencias. É por iso que **a maior parte dos temas son relixiosos, sendo raros outro tipo de esceas.**



Capitel do claustro
Santo Domingo de Silos





"A incredulidade de
Santo Tomás"

A **BIBLIA EN PEDRA**: RELEVO SOBRE CAPITEL QUE RPRESENTA A PASAXE SOBRE A INCREDULIDADE DE SANTO TOMÁS

27 Luego dice a Tomás: Mete tu dedo aquí, y ve mis manos: y alarga acá tu mano, y métela en mi costado: y no seas incrédulo, sino fiel.
28 Entonces Tomás respondió, y díjole: ¡Señor mío, y Dios mío!
29 Dícele Jesús: Porque me has visto, Tomás, creíste: bienaventurados los que no vieron y creyeron

CALES SON AS CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DAS ESCULTURAS ROMÁNICAS?

- **Figuras esquemáticas**. As figuras carecen de naturalismo, xa que interesa mais a mensaxe que a representación real da realidade.
- Ao mesmo tempo, son **figuras moi expresivas**, para transmitir mellor a mensaxe.
- **Figuras ríxidas (hieráticas) e sen movemento**.
- As figuras ocultan a maior parte do corpo con **roupaxes de túnicas con pliegues**.
- **Predomina a frontalidade**, é dicir, as figuras aparecen de cara ao espectador.
- Seguen a **perspectiva xerárquica**, pola cal os personaxes mais importantes son de maior tamaño
- **As figuras adáptanse ao marco arquitectónico**. Para elo alongábanse, retórcense ou recórtanse en función das necesidades do soporte (tímpanos, arquivoltas, capiteis...)
- Tendencia a encher todos os espazos: o ***horror vacui.***
- **Estaban policromadas**, aínda que hoxe en dia moitas perderan as súas cores.



HORROR VACUI
PERSPECTIVA XERARQUICA
ADAPTACIÓN AO MARCO ARQUITECÓNICO
FRONTALIDADE


FIGURAS ESQUEMÁTICAS.
RÍXIDAS E SEN MOVEMENTO
ROUPAXES CON TÚNICAS
POLICROMADAS.



OS RELEVOS ROMÁNICOS

PORTADAS >> Na **portadas** a escena principal sitúase no tímpano. **Un dos modelos mais repetidos e a representación do Pantocrátor** (Cristo en maxestade) rodeado polo **Tetramorfos** (os catro evanxelistas ou os símbolos que os identifican), xunto cos anciáns do apocalipse e outros elementos relacionados (esceas do xuízo final...)

CAPITEIS >> Os **capiteis** (parte superior das columnas) decóranse con **esceas relixiosas**, pero deixan mais liberdade para outro tipo de representacións (***animais fantásticos, esceas da vida cotiá, elementos vexetais ou xeométricos***...)




A ESCULTURA EXENTA ROMÁNICA

A **escultura exenta** realízase sobre todo en madeira, aínda que tamén hai exemplos de obras en pedra ou marfil. Estaban **pintadas con cores fortes** e empregábanse para decorar os altares das igrexas.

Os dous modelos mais repetidos foron:

- **Cristo crucificado** (Cristo, en posición frontal, sen expresar sufrimento, vestido cunha túnica ou semiespido)
- **Virxe trono** (Aparece o neno sentado enriba da Virxe como se fora o seu trono, sen relación entre eles)



ESCULTURA GÓTICA

A escultura, xunto coa pintura, **continúan mantendo a súa tripla función** (decorativa, didáctica e moralizante). **Sen embargo, ambas disciplinas empezan a experimentar cambios,** que teñen que ver con aspectos como os soportes, o tratamento dos temas ou a relación co espazo.








CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DAS ESCULTURAS GÓTICAS?

Mantéñense características do románico como as **figuras policromadas.**

Principais cambios:

1) **Búsqueda dun maior naturalismo** para dar unha maior sensación de realidade.
2) **Interese por amosar os sentimentos** dos personaxes a través de miradas, sorrisos...
3) **AS figuras teñen rasgos individualizados** (cada unha ten o seu rostro)
4) **Figuras mais proporcionados.**
5) **Sensación de movemento**
6) Maior **independencia respecto do marco arquitectónico**



A ESCULTURA EXENTA GÓTICA.

Mantéñense os modelos do románico, pero cun tratamento diferente:

- A **Virxe co neno** do gótico transmite unha relación entre ambos, nas que se amosa amor e cariño, como corresponde a unha relación nai-fillo; ademais hai un cambio na postura (Virxe sostén ao neno no regazo e non sentado sobre as súas persoas)
- O **Cristo crucificado** do gótico reflexa dor e sufrimento.

Ademais **aparece un novo modelo de escultura exenta**: a **Piedade (**Representa á Virxe co corpo de Xesús cando o baixan da cruz)



CRISTO CRUCIFICADO



VIRXE CO NENO

A PIEDAD




OS RELEVOS GÓTICOS

As **portadas** manteñen a estrutura do románico, aínda que tamén se poden apreciar certas diferencias como:

- as esculturas das xambas tenden a separarse da columna como si quixeran saír
- nos tímpanos a decoración se organiza en bandas horizontais.

Nos **capiteis** abandónase as escenas relixiosas e decóranse unicamente con motivos vexetais.





NOVOS TIPOS DE ESCULTURAS GÓTICAS

O Gótico coñeceu a aparición de novos soportes onde facer esculturas. Estos foron principalmente tres:



RETABLO



SEPULCRO



GÁRGOLA

- **Retablos >>** Son estruturas de madeira con relevos (ou pinturas) que se sitúan detrás do altar.
- **Sepulcros >>** Trátase dunha obra en pedra que serve para dar sepultura a un defunto. Acostuman decorarse as súas paredes laterais e situar na parte superior unha escultura da persoa enterrada.
- **Gárgolas ou quimeras >>** Trátase de seres fantásticos que se sitúan nas cornixas dos edificios para espantar aos malos espíritos. Ademais diso, as gárgolas tamén funcionan como desaugue

PINTURA ROMÁNICA

A pintura, xunto coa escultura, forman parte das **artes figurativas**. É por iso que ambas disciplinas **van coincidir en numerosos aspectos como a súa función, os temas ou as características formais**; loxicamente, os soportes e as técnicas empregadas serán diferentes entre unha e outra.

Hoxe en día moitas das pinturas que decoraban os muros das igrexas perdéronse, polo que non podemos imaxinar a importancia que tiña naquel tempo.



CAL É A FUNCIÓN DA PINTURA?

A escultura románica teñen unha **tripla función:** decorativa, didáctica, moralizante. Isto quere dicir, que o seu ademais de decorar, o **seu obxectivo era ensinar aos crentes os pasaxes mais famosos da Biblia e dirixir o seu comportamento cara os intereses da Igrexa**, indicando o ben e o mal, e as posibles consecuencias. É por iso que **a maior parte dos temas son relixiosos, sendo raros outro tipo de escenas.**



Que episodios se reflexan nestas pinturas?



CALES SON AS CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA PINTURA ROMÁNICA?

As características formais son similares ás que presenta a escultura; é dicir, as **figuras son esquemáticas, ríxidas, frontais e baixo a perspectiva xerárquica**

. As **características específicas** da pintura son:

- O contorno das figuras aparece delimitado por **liñas negras.**
- O **emprego de cores planas**, con predominio de azuis e vermellos.
- **Non se representa a profundidade, nin os paisaxes semellan ser reais** (as figuras aparecen "flotando" no espazo)



CALES SON TEMAS CARACTERÍSTICOS?

Predominan os temas relixiosos: o Pantocrátor rodeado dos evanxelistas, a Virxe trono, vidas de santos, episodios da Biblia...

Ao mesmo tempo, tamén existen exemplos de escenas da vida cotiá (os traballos agrícolas, loitas entre cabaleiros...)

Que se representa na imaxe?





OS TRABALLOS AGRÍCOLAS

CALES SON AS TÉCNICAS MAIS EMPREGADAS DURANTE O ROMÁNICO	
PINTURA AO FRESCO	**Realízase sobre os muros**, polo que tamén se coñece como pintura mural. **A técnica consiste en estender unha capa de area e cal sobre o muro, e pintar nel mentres está fresco**. Non permite moito detalle porque hai que pintar rápido
PINTURA AO TEMPLE	**Realízase sobre táboas** preparadas para elo; estas, servían para decorar os altares das igrexas. **A técnica consiste en facer a pintura a partir da mestura dos pigmentos con ovo.**
MINIATURAS	Son pequenas pinturas coas que se ilustran/decoran os libros medievais.

TÉCNICA DO FRESCO
PINTURA MURAL



PANTOCRATOR



VIRXEN TRONO (MAESTÁ)







EXEMPLOS DE MINIATURAS



TÉCNICA DA PINTURA AO TEMPLE

PINTURA SOBRE TÁBOA




PINTURA GÓTICA

Durante o Gótico a pintura mantén a súa función didáctica e moralizante, pero tamén se van experimentar certos cambios:

- As figuras representadas adoptan unha **visión mais humanizada**.
- Outro gran cambio ten que ver coa consideración dos pintores (tamén dos escultores e dos arquitectos, aínda que non tan pronunciada). Durante o gótico, **os pintores deixan de ser considerados simples artesáns e comezan a ser mais coñecidos polo seu traballo.**
- Pouco a pouco **os burgueses comezan a encargar obras pictóricas** nas que se lles represente.

AS DIFERENTES ESCOLAS DO GÓTICO


A pintura gótica vai evolucionando e **aparecen diferentes escolas segundo os países** (escola italiana, escola flamenca, gótico internacional...).



"La anunciación"
de Simone Martini (1333)



"Virgen del canciller Rolin"
de J. van Eyck (1435)




"Adoración de los Reyes"
de S. Lochner (1440)

CALES SON AS CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA PINTURA GÓTICA?

As **características que se poden apreciar na pintura gótica son:**

- Un **maior realismo** que se aprecia nos rostros, roupas, edificios, paisaxes...
- As figuras amosan un **maior movemento** (fronte á rixidez do románico)
- **Existe unha expresión de sentimentos** nos personaxes.
- **Predominio da cor fronte ao debuxo**. (As figuras xa non aparecen delimitadas por unha liña negra tan marcada)
    - Na escola italiana, os dourados convértense nunha cor esencial.
- **Intento de representar a perspectiva**, introducindo paisaxes ao fondo ou enmarcando ás figuras dentro dun edificio.
- **Paisaxes cada vez mais reais**.



CALES SON TEMAS CARACTERÍSTICOS NA PINTURA GÓTICA?	
En canto aos temas, tamén se pode falar de **certos cambios:** • **Os temas relixiosos continúan a ser os mais abundantes** (lóxico, xa que a Igrexa encarga moitas obras). Sen embargo, o Pantocrátor perde importancia e é substituído por **temas relacionados coa Virxe María ou con episodios da vida de Xesús.**	• Hai un **maior desenrolo de temas non relixiosos:** son **cadros encargados por burgueses**, que desexan ser representados. **Ás veces aparecen acompañando á Virxe María, pero noutras ocasións simplemente a modo de retrato**

CALES SON AS TÉCNICAS E SOPORTES EMPREGADOS?

Durante o gótico houbo cambios significativos no que se refire ás técnicas e soportes empregados.

- **A pintura mural ao fresco perdeu importancia**, xa que as paredes das igrexas foron substituídas por ventanais.
    - En Italia, a arquitectura gótica non emprega tantos ventanais polo que as pinturas murais aínda manteñen importancia.
- **Aparecen as grandes vidreiras de colores**, que requiren do traballo dun pintor para facer os debuxos que logo se trasladan ao vidro.
- Existe un **desenvolvemento cada vez maior das miniaturas** dos libros.
- **A grande novidade da época foi a aparición da técnica do óleo**: nesta técnica os pigmentos se mesturan con aceites vexetais e tarda mais en secar, polo que permite un maior detallismo. Moitos dos cadros desta época son "óleo sobre táboa".



Vidriera
Catedral de León



Miniatura
gótica



"Matrimonio Arnolfini"
de J. van Eyck (1434)
Óleo sobre tabla

A PINTURA SOBRE TÁBOA.

Dentro da pintura sobre táboa, existen **diferentes posibilidades** en función das táboas empregadas:

- **Pintura de cabalete**, aquela que se fai sobre unha táboa.
- **Díptico**, aquela que se fai sobre dúas táboas
- **Tríptico,** aquela que se fai sobre tres táboas.
- **Retablos pictóricos**, aquelas que se fai sobre varias táboas.



Díptico



Tríptico

Retablo



CONCEPTOS BÁSICOS PARA COMENTARIO ESCULTURA O PINTURA

TEMAS HABITUAIS	Tanto en escultura como en pintura existe unha relación de temas que se repiten. Algúns son mais propios dun estilo que de outro, pero noutros casos aparecen en ambas épocas.

Pantocrátor.	**>>**	Mais habitual no románico
Xuízo final.	**>>**	Similar ao pantocrator, pero cos brazos extendidos; mais propio do románico
Virxe trono.	**>>**	Mais propio do románico
Virxe co neno.	**>>**	Interpretación gótica do tema anterior
Criucificación.	**>>**	Realízase tanto no románico como no gótico; depende das súas características
Descendemento	**>>**	Non confundir co anterior; neste caso están baixando a Xesús da cruz
Piedade	**>>**	Propio do gótico; trátase da escea seguinte ao descendemento: Xesús morto descansa sobre a Virxe
Adan e Eva.	**>>**	Podemos atopalo nos dous estilos
Matanza dos inocentes.	**>>**	Podemos atopalo nos dous estilos
Reis Magos.	**>>**	Podemos atopalo nos dous estilos
Anunciación.	**>>**	Aparece no gótico, pero será mais habitual nas épocas seguintes. Represeántase a un anxo fronte a María para decirlle que será a nai de Xesús.
Esceas da vida cotidiana		Escasas no románico; mais habituais no gótico, especialmente por medio de retratos de burgueses.

CARACTERÍSTICAS "FORMAIS" DA ESCULTURA

- **TIPOS DE ESCULTURA**
  - **RELEVO** → **SOPORTES**
    - **PORTADA** → Tímpano, arquivoltas, dintel...
    - **CAPITEIS DAS COLUMNAS**
    - **OUTROS: Sepulcros...**
  - **ESCULTURA EXENTA OU DE BULTO REDONDO**
- **MATERIAIS**
  - Pedra
  - Madeira
  - Marfil
  - Outros

CARACTERÍSTICAS "FORMAIS" DA PINTURA

FRESCO SOBRE MURO	Sobre todo románico
TEMPLE SOBRE TÁBOA	Sobre todo románico
ÓLEO SOBRE TÁBOA	Aparece no gótico
VIDIRIERAS	Gótico
MINIATURAS	En ambas épocas, según características